



SESION ORDINARIA DE 29 DE XUÑO DE 2021

(Acta número 06)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **vinde e nove de xuño de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora Deputada dona Mónica Freire Rancaño.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Página	1/41	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de maio de dous mil vinte e un e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos presentes.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=1

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DIA DO ORGULLO LGTBIQA+

Esta declaración está asinada polos voceiros dos tres Grupos desta Corporación, e a continuación o Presidente dá lectura á mesma.

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DÍA ORGULLO LGTBIQA+

No ano 1981, o Consello de Europa declarou o dereito á autodeterminación sexual de homes e mulleres. Con todo, corenta anos despois, as enquisas e a realidade mostran que a discriminación, e o discurso e os crimes de odio contra o colectivo LGTBIQA+ medran en todos os países da Unión Europea. Unha lacra social que representa unha seria ameaza para o respecto dos dereitos e das liberdades.

A pesar dos avances alcanzados en materia de dereitos LGTBIQA+, impulsados pola loita incansábel dos movementos sociais organizados, quedan aínda lagoas pendentes, especialmente no relativo á loita contra a discriminación por motivos de orientación sexual e identidade de xénero, así como no recoñecemento e protección das persoas LGTBIQA+ vítimas de delitos.

A esta realidade, únese a excepcional situación sobrevinda coa crise sanitaria debido á pandemia da COVID-19. O colectivo de persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	2/41





intersexuais, que xa non desfrutan de plena igualdade nas circunstancias que o resto das persoas consideramos normais, víronse gravemente afectadas por esta pandemia. Por iso, é preciso garantir que todas as respostas á pandemia do coronavirus tamén teñan en conta as repercusións da crise nas persoas LGTBIQA+.

Así mesmo, a xeneralización das novas tecnoloxías, xerou novas formas de acoso e discriminación amparados dende o anonimato. O discurso de odio dos novos movementos de extrema dereita, tanto en España como en Europa, está contribuíndo sen dúbida a un incremento nos delitos de odio relacionados co sexo ou a orientación de xénero.

O último informe elaborado polo Ministerio do Interior, correspondente ó ano 2019, recolle un incremento do 8,6% nos delitos relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero. Un incremento preocupante se pensamos no grande número de agresións deste tipo que aínda quedan sen denunciar polo estado de shock das vítimas ou a súa falta de confianza no sistema.

Neste contexto, o papel dos Gobernos locais ten demostrado, unha vez máis, que para ser eficientes e eficaces na loita contra a discriminación e no avance cara a igualdade plena, débese adoptar un enfoque baseado na proximidade. Actuar dende a proximidade para garantir os dereitos humanos de toda persoa no seu entorno vital cotián.

As Deputacións Provinciais e os Concellos somos garantes da efectividade dunha estratexia clara de loita pola igualdade e na defensa da convivencia cidadá. E somos tamén, e temos que seguir sendo, axentes esenciais insubstituíbles da protección dos dereitos e liberdades de toda a cidadanía e defensores da non discriminación, con independencia da raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, manifestando unha especial sensibilidade coas persoas migrantes.

Este ano cúmprese o décimo sexto aniversario da aprobación do matrimonio igualitario en España. Un fito histórico que colocou ó noso país na vangarda da loita polos dereitos do colectivo LGTBIQA+. Dende a Deputación de Lugo queremos anovar o noso compromiso na defensa deses dereitos e o papel dos concellos como defensores dos mesmos, especialmente nunha provincia de carácter rural e elevada dispersión da poboación.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	3/41



Como sucede con todos os problemas sociais, a discriminación, a soidade, a falta de referentes ou o illamento pode ser máis grave ou máis difícil de detectar no rural. E poden resultar especialmente dolorosos en etapas como a adolescencia ou a vellez. Por iso, hai que seguir poñendo os concellos na primeira liña da defensa dos dereitos do colectivo LGTBIQA+ e poñer en valor o rural como espazo para a construción de sociedades diversas.

Condenamos enerxicamente calquera discriminación contra as persoas LGTBIQA+ e os seus dereitos fundamentais, incluída a incitación ao odio. Lembramos a importancia de tomar medidas concretas para poñer fin á discriminación contra as persoas LGTBIQA+,.

Non podemos quedar impasibles ante o recente repunte do discurso do odio. O racismo, a xenofobia, a homofobia, a transfobia e outras formas de intolerancia non poden ter cabida na nosa democracia, e cumpre loitar contra elas con medidas legais e previlas fomentando modelos educativos baseados na convivencia, no respecto e na inclusión, así como políticas públicas igualitarias e inclusivas.

En Lugo a vinte e nove de xuño de dous mil vinte e un. Asinada polos tres voceiros. Pilar García Porto, Efrén Castro Caloto e Jorge Javier Castiñeira”.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=2

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVISIÓN DE TARIFAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO “GAYOSO CASTRO”.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	4/41





“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con relación ó asunto de referencia constan os seguintes antecedentes:

Polo pleno provincial en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2017 aprobouse a adxudicación do contrato DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO “GAYOSO CASTRO”, resultan antecedentes inmediatos do presente :

Consta a solicitude de revisión de tarifas formulada polo contratista Recría Castro, S.L. con data de 03/05/2021.

O informe da directora da granxa de data 2 de xuño de 2021, que conclúe :

“Que a solicitude de RECRÍA CASTRO S.L. ao respecto do incremento das tarifas que deberán aboar os usuarios do centro de recría enténdese suficiente motivada, ao abeiro da cláusula 20.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo "Gayoso Castro", e considero axeitada a proposta de incrementar as tarifas un 6,69% o que supón un incremento de 0,16 €/animal/ mes, o que supón unha tarifa de 2,55 €/ animal/ mes que deberán aboar os usuarios do centro de recría.”

Con data de 15 de xuño de 2021 RECRÍA CASTRO S.L. remite informe pericial respecto da revisión das tarifas segundo o establecido nos pregos mantendo os termos da solicitude inicial. Ó respecto foi emitido informe pola directora da Granxa con CSV IV7ESPPLMEWZXTE74BE5KBYGEA de data 15 de xuño de 2021 , ratificando o seu informe de 2 de xuño de 2021

Consta informe do servizo de contratación e fomento co conforme da secretaria xeral con CSV IV7ESPTMNM7ZYTJF5QXU4ZTFMQ do seguinte teor literal:

“Emítese o presente a solicitude verbal do xefe de servizo respecto da incidencia referida no

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	5/41



encabezado,

ANTECEDENTES

Polo pleno provincial en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2017 aprobouse a adxudicación do contrato DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO "GAYOSO CASTRO", resultan antecedentes inmediatos do presente :

A solicitude formulada polo contratista Recría Castro, S.L. con data de 03/05/2021, que conclúe :

“

Tarifa proposta

Despois de realizar as simulacións e estudos pertinentes a Xerencia xunto co departamento de administración da concesionaria, Recría Castro, S.L., consideran necesario incrementar a tarifa de 2,39 €/animal e día nun 6,69%, quedando o total a cobrar por día e animal en 2,55 €.

Buscamos un importe que sexa capaz de garantir a viabilidade da empresa sen comprometer o servizo que estamos a ofertar aos gandeiros da provincia de Lugo, os que con esta subida estarán a soportar un incremento do importe total a pagar por xata de a penas 101,28 € [importe estimado para os 633 días de estancia media do centro].

Sen outro particular solicitamos sexa tida en conta a información aquí achegada e á maior brevidade posible se aprobe a nosa petición coa fin de non incrementar os resultados negativos da empresa mercantil concesionaria do Centro de Recría "Gayoso Castro" á que represento en calidade de Xerente e Administrador Solidario.

“

O informe da directora da granxa de data 2 de xuño de 2021, que remata sinalando:

“CONCLÚO: Que a solicitude de RECRÍA CASTRO S.L. ao respecto do incremento das tarifas que deberán aboar os usuarios do centro de recría enténdese suficiente motivada, ao abeiro da cláusula 20.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo "Gayoso Castro", e considero axeitada a proposta de incrementar as tarifas un 6,69% o que supón un incremento de 0,16 €/animal/ mes, o que supón unha tarifa de 2,55 €/ animal/ mes que deberán aboar os usuarios do centro de recría.”

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	6/41	



Con data de 15 de xuño de 2021 RECRÍA CASTRO S.L., remite informe pericial respecto da revisión das tarifas segundo o establecido nos pregos mantendo os termos da solicitude inicial. Ó respecto foi emitido informe pola directora da Granxa con CSV IV7ESPPLMEWZXTE74BE5KBYGEA de data 15 de xuño de 2021, ratificando o seu informe de 2 de xuño de 2021 .

NORMATIVA APLICABLE:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. A teor do disposto na D.T 1ª da LCSP 9/2017.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do centro de recría da deputación de Lugo "GAYOSO CASTRO".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- Órgano competente:

Resulta órgano competente para a resolución do presente o Pleno provincial ó resultar ó órgano de contratación que actuou na aprobación e adxudicación do contrato, asimesmo por referirse a revisión das tarifas, que satisfán con carácter xeral ó concesionario os usuarios do servizo (que voluntariamente o solicitan e reciben) sen que conste no expediente outra regulación adicional para o seu establecemento e modificación que a prevista nos pregos, e a súa mención no regulamento de organización e funcionamento do centro de recría da deputación de Lugo. publicado no BOP de 6 de febreiro de 2017 , polo que considerando a natureza e duración do contrato lle corresponde ó pleno a adopción do presente.

2.- Sobre a procedencia da revisión das tarifas

Respecto da admisibilidade, da solicitude compre considerar a previsión ó respecto do PCAP, na súa cláusula 20 :

"20.1 A revisión de tarifas que deberán abonar os usuarios poderá ter lugar por calquera dos motivos seguintes:

- a) Por incremento dos gastos de explotación. Os custos de explotación poden variar se se alteran os elementos que os integran e se experimentan aumentos de diferentes partidas que compoñen os mencionados gastos. A empresa adxudicataria deberá*

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Página	7/41	

achegar un ditame pericial coa estrutura de custos e o incremento experimentado polos custos de explotación, que se suxeitará ao control e supervisión dos servizos provinciais.

b) Por incremento das obrigacións financeiras, como consecuencia de novos investimentos ou ampliación do servizo, debidamente autorizadas pola Deputación non contempladas no conxunto documental do expediente de adxudicación, cos límites, trámites e condicións fixadas na cláusula 16 deste prego.

20.2 En todo caso, o órgano de contratación aprobará este incremento das tarifas aos usuarios, se se cumpren as condicións sinaladas, respectando unha periodicidade mínima de dous anos, contados desde o acto de inicio do contrato e en períodos sucesivos desde a entrada en vigor da última modificación. Naqueles supostos en que a administración detecte unha diminución dos custos de explotación, por redución de partidas, melloras na xestión que leven redución de custos, maior dispoñibilidade de base territorial que a adscrita á concesión no momento da licitación ou outros, poderá determinar que esa redución de custos trasládese a unha redución das tarifas que se abonen polos usuarios.”

CONCLUSIÓN:

Polo tanto informado o órgano competente, vistos os antecedentes, e considerando a habilitación establecida no prego do contrato perfeccionado con data de 8 de novembro de 2017, e asimesmo considerando os informes favorables da directora da Granxa Gayoso Castro respecto da revisión das tarifas DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO “GAYOSO CASTRO”, non se atopa impedimento para continuar a tramitación da solicitude do concesionario, previa fiscalización pola intervención provincial.”

Asimesmo faise constar que as mencións á actualización de tarifas se refiren ó incremento de 0,16 € por animal /día correspondendo con un erro as mencións animal/mes tal e como consta nos informes emitidos con data de 18 de xuño de 2021 e csv IV7E4SAZHER3WRH72QHMMF26OY pola directora da granxa e de xeito complementario polo servizo de contratación con CSV IV7E4SHJFNBIJ26YQR7C7YJS74 e co teor literal

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	8/41





seguinte :

“Con data de 18 de xuño emitíuse informe pola directora da Granxa Gayoso Castro con csv IV7E4SAZHER3WRH72QHMMF26OY dando conta do error contido no informes precedentes da unidade xestora que afecta á referencia a actualización das tarifas animal / mes cando debe referir o incremento de 0,16€ animal/ día , sen que se produzan mais alteracións con alcance do informado xuridicamente debendo de incorporarse dita precisión á proposta de acordo .”

Consta fiscalización favorable de data 18 de xuño de 2021

Á vista do exposto, remítese o expediente e proponse que, polo Pleno provincial, previo ditame da comisión informativa correspondente se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a revisión das TARIFAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO “GAYOSO CASTRO” cun incremento de de 0,16 €/animal/ día, o que supón unha tarifa de 2,55 €/animal/ día que deberán aboar os usuarios do centro de recría.

Segundo .- Notificar ó contratista , e dar traslado ó servizo de contratación e fomento, á Granxa provincial e o servizo de intervención .

Terceiro .- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de revisión coas novas tarifas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Página	9/41	

Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). E téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=3

4.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DO CONCELLO DE LUGO DE CESIÓN DA TITULARIDADE DA DENOMINADA “A FONTE DAS LAVANDEIRAS”.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación á solicitude de cesión da titularidade da denominada A FONTE DAS LAVANDEIRAS presentada polo Concello de Lugo con data do 17 de decembro de 2020, sinálanse que a dita obra foi creada polo autor Francisco Pérez Porto, quen a cedeu a esta Deputación de Lugo, e consta a súa inscrición no Libro de Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación Provincial no epígrafe relativo aos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico.

Á solicitude de cesión do Concello de Lugo acompañouse Informe do Servizo municipal de Medio Ambiente que xustifica a solicitude de cesión para colocar no eixo central da nova Praza - Xardín construída na confluencia entre as rúas Manuel María e Túnel de Oural e proceder a inauguración da precitada obra pública.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	10/41	



Atendendo a esta solicitude, a Secretaría Xeral Adxunta informou o 11 de febreiro de 2021 que -á vista de que o Concello de Lugo solicita a esta Deputación de Lugo o traslado dominical da obra artística ao seu favor para á súa colocación como ornato e decoración na nova Praza -Xardín construída na confluencia entre as rúas Manuel María e Túnel de Oural desta cidade de Lugo, emprazamento que concorre cos desexos do autor material da obra- resulta a necesidade de solicitar o informe previo esixido para o alleamento de obxectos de índole artística, á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia ou órgano competente de conformidade coa lexislación vixente.

Namentres, informa favorablemente á *posta* a disposición da FONTE DAS LAVANDEIRAS do autor Francisco Pérez Porto a favor do Concello de Lugo para a súa protección, promoción e difusión como ornato da xa citada nova Praza -Xardín, desta cidade de Lugo.

A tales efectos, ditouse Resolución da Presidencia o 11 de febreiro do 2021 na que, entre outros, Aproba á *posta* a disposición da FONTE DAS LAVANDEIRAS do autor Francisco Pérez Porto a favor do Concello de Lugo para a súa protección, promoción e difusión como ornato da nova Praza -Xardín construída na confluencia entre as rúas Manuel María e Túnel de Oural desta cidade de Lugo, sendo da súa conta os gastos de mantemento, conservación e coidado da mesma.

De seguido redactouse a Acta da *posta* a disposición que foi asinada o 22 de febreiro de 2021 por esta Deputación de Lugo e o Concello do Lugo coa entrega material da peza artística no lugar referido anteriormente e da que deixa constancia a prensa local da reportaxe gráfica e escrita da súa exposición pública.

Con data do 12 de abril de 2021 ten entrada no rexistro provincial o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural co seguinte teor:

“(…) a documentación identifica a natureza cultural do ben, que xa integra de seu o patrimonio artístico de Galicia en virtude do artigo 83 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, se ben tal consideración non determina de seu nin a súa clasificación nin a necesidade de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaría Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	11/41



Cultural para a intervención sobre dela, agás para o caso das actuacións que puideran supoñer a súa destrución ou o seu traslado segundo se recolle no artigo 85.2 da devandita Lei 5/2016, do 4 de maio.

(...)

INFORMO:

Que non existe inconveniente no ámbito das competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, *órgano competente da comunidade autónoma en materia de protección do patrimonio cultural, en que se formalice o alleamento da Fonte das Lavandeiras entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo segundo teñen acordado.*

Antes ao contrario, estímase que a súa instalación no lugar elixido pola administración local e o seu uso ornamental no eixo da dita praza pode contribuír á mellor conservación e difusión dos seus valores, sempre que se garanta a súa protección coas actuacións que deriven da súa posta en uso.

En virtude do recollido no artigo 85.2 da devandita Lei 5/2016, do 4 de maio, quedará prohibida a destrución dos bens integrantes do patrimonio artístico e poderá procederse ao seu traslado por razóns de forza maior ou interese social coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural”.

Á vista do contido do previo ao preceptivo informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a Secretaría Xeral Adxunta o día 16.06.2021 baixo o CSV IV7ESPL4NN6S3CPL647UAB3UKU informa favorablemente a tramitación do presente procedemento de cesión gratuíta da titularidade a favor do Concello de Lugo da obra artística denominada A Fonte das Lavandeiras, peza integrante do patrimonio artístico de Galicia en virtude do artigo 83 de Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para a súa aprobación polo Pleno Provincial e no que entre outros sinala:

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	12/41





- Trátase dunha cesión gratuíta da titularidade dun ben moble de carácter artístico a favor doutra Administración Pública.
- Cúmprese o obxectivo da Lei 5/2016 do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia que define o patrimonio cultural de Galicia desde unha perspectiva ligada ao uso e goce pola cidadanía e fomenta a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e promoción do noso patrimonio cultural.
- Cúmprese a finalidade ca que recibiu esta Deputación de Lugo a doazón da denominada Fontes das Lavandeira a través da que o seu autor quere facer valer o acervo cultural - en particular da cultura, os valores artesanais e da cerámica- propio da cidade de Lugo e coa exposición da obra nas rúas da cidade.
- Aténdese ao desexo que sobre o lugar de exposición da obra expresou o artista, vese cumprido polo emprazamento que o Concello de Lugo ten reservado como parte do ornato e decoración dunha nova praza na cidade que coincide coa situación desexada polo autor.
- Aténdese ao principio de colaboración entre administracións que se unen na consecución da protección e promoción deste patrimonio cultural.

O dito informe, conta coa conformidade da Secretaría Xeral e informe da Intervención do 17.06.2021 segundo o contido dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Por todo o exposto, en virtude do artigo 57.23 do Regulamento Orgánico desta Deputación de Lugo propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar a cesión gratuíta da titularidade da obra integrante do patrimonio artístico de Galicia en virtude do artigo 83 de Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaría Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	13/41



Galicia, denominada A FONTE DAS LAVANDEIRAS do autor Francisco Pérez Porto, a favor do Concello de Lugo para a súa protección, promoción e difusión como ornato da nova Praza -Xardín construída na confluencia entre as rúas Manuel María e Túnel de Oural desta cidade de Lugo.

SEGUNDO. Determinar que serán de conta do Concello de Lugo os gastos de mantemento, conservación e coidado da referida obra artística, quedando prohibida a destrución deste ben integrante do patrimonio artístico e poderá procederse ao seu traslado por razóns de forza maior ou interese social coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

TERCEIRO. Dar traslado do presente acordo ao petionario, o Concello e Lugo, aos efectos da súa aceptación e posterior formalización en documento administrativo da transmisión da titularidade do referida peza artística

CUARTA. Proceder, no seu caso, á baixa no Libro Inventario Provincial”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=4

COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

5.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2021, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	14/41





Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“A proposta da Presidencia di o seguinte:

Visto o informe de Intervención sobre modificación de crédito e demais documentación, é preciso dotar os correspondentes créditos mediante unha modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo consta na Memoria, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 323.900,24 €, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias		Importe
1531.76201	Acceso ós núcleos de poboación, Transferencias de Capital a Concellos, Plan Único	98.963,95 €
1532.76001	Pavimentación de vías públicas, Transferencias de Capital a Concellos, Plan Único	75.946,08 €
1640.65009	Cemiterios e servizos funerarios, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos	10.687,76 €
3340.76201	Promoción cultural, Transferencias de Capital a Concellos, Plan Único	138.302,45 €
TOTAL		323.900,24 €

Financiamento:

Denominación	Importes
Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	323.900,24 €
<u>Concepto Ingresos:</u> 870.00	
TOTAL	323.900,24 €

2.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	15/41



Toma a palabra a Sra. Interventora e explica brevemente a modificación do suplemento de crédito que é similar á que se aprobou no Pleno do mes pasado xa que con posterioridade a este se recibiron as contas xustificativas, e ten o obxectivo de dotar actuacións do PU2019 de Chantada e Foz non susceptibles de nova incorporación de remanentes conforme ás normas orzamentarias, e a dirección facultativa e a liquidación fin de obra da obra do cemiterio de Viveiro cuxas certificacións foron no suplemento de maio.

Non habendo máis preguntas, sometese a votación a proposta da Presidencia, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=5

6.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DE GASTOS REALIZADOS CON OMISIÓN DE FUNCIÓN INTERVENTORA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“A proposta da Presidencia di o seguinte:

“Logo de ver o informe favorable emitido pola Interventora Xeral en data 18 de xuño de 2021, en relación con prestacións nos anos 2019 e 2020 a favor da Deputación de Lugo sen contrato previo, polo importe de 179.625,95 €, obxecto de informes de omisión de función interventora de 25/03/2021; 25/03/2021; 30/03/2021; 11/05/2021; 03/06/2021; 03/06/2021; 07/06/2021; 10/06/2021; 11/06/2021; 15/06/2021 e de resolucións da Presidencia de 28/04/2021; 27/04/2021; 07/05/2021; 14/05/2021; 10/06/2021; 11/06/2021; 16/06/2021; 16/06/2021 acordando

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	16/41





que se continúe co procedemento e se eleve ó Pleno o recoñecemento extraxudicial de créditos segundo a base 20.1 de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas e proponendo unha indemnización substitutiva a favor do terceiro interesado.

Todas as facturas constan de expediente individual, se corresponden con gastos dos anos 2019 e 2020, afectan ao capítulo 2: Gastos en bens correntes e servizos, basicamente do Parque Móvil en servizos de mantemento e reparacións de vehículos, do servizo de Arquitectura en sumministración de gas natural e da Granxa Gayoso Castro en servizos de recollida de aminorais e outros servizos e de suministros de materiais diversos. Son gastos periódicos e repetitivos. Representan o 0,20 % sobre o total de obrigacións recoñecidas netas de 2020 de 89.893.958,33€. Constan contabilizadas na conta 413 «Acredores por operacións devengadas», e están conformadas favorablemente pola unidade administrativa, teñen consignación orzamentaria no ano de orixen e no actual exercicio orzamentario, informe do servizo de contratación e fomento, de intervención e demais documentación obrante nos expedientes, segundo determina a base 20.1 de execución do orzamento.

Polo exposto, e de acordo co artigo 60.2 do Rd 500/1990 e base nº 20.1 de execución do Orzamento Xeral, elévanse o Pleno para adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito o amparo do artigo 60.2 do RD 500/1990 e o disposto na base nº 20.1 de execución do Orzamento Xeral das facturas que se relacionan no expediente, polo importe de 179.625,95 €, así como o recoñecemento das obrigas e o pagamento das mesmas como indemnización substitutiva a favor dos terceiros interesados dos gastos ocasionados pola realización das prestacións nos anos 2019 e 2020, segundo a relación de facturas que figuran no presente expediente.

2º.- Proceder á tramitación do pago por orde de antigüidade das indemnizacións anteriormente relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias nela reflectidas.

Toma a palabra a Sra. Interventora e aclara que se preparara o expediente para o Pleno do mes anterior, pero que se recibiron máis facturas a última hora que obrigaron a pospoñelo para este,

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	17/41



por iso existe no expediente un Informe de Intervención que substitúe ao inicialmente previsto, co engadido das novas facturas.

Así mesmo, describe sucintamente as razóns do expediente que xa aparecen reflectidas no seu informe.

Explica o Sr. Presidente que as facturas son principalmente do Parque Móbil, da Granxa Provincial e do subministro de gas, cuxos contratos que aínda non estaban establecidos, e que actualmente están implementadas medidas para evitar recorrer a este procedemento.

Non habendo máis preguntas, sometese a votación a proposta da Presidencia, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sr. Deputados D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=6

--00000--

7.- PROPOSTA DE GOBERNO SOBRE O INCREMENTO DOS ABUSOS BANCARIOS CONTRA AS PERSOAS CONSUMIDORAS E O DETERIORO DOS SERVIZOS FINANXEIROS NA GALIZA.

Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	18/41	



“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno sobre o incremento dos abusos bancarios contra as persoas consumidoras e o deterioro dos servizos financeiros na Galiza.

Exposición de Motivos:

Nos últimos anos vimos como se agravaba o proceso de concentración e centralización bancaria, con graves consecuencias para Galiza. A crise financeira que estoura no ano 2008, no lugar de supoñer un cambio para reforzar a transparencia, a intervención e o control público para evitar novas burbullas financeiras, supuxo todo o contrario. Ademais do rescate bancario con fondos públicos (que non se recuperou, pois o propio Banco de España dá por perdidos máis de 42.000 millóns de euros) as medidas daquela impulsadas no ámbito do Estado español supuxeron unha reestruturación que avanzou na concentración do sector, na destrución e precariedade de emprego e no empeoramento dos servizos e das condicións para particulares e para pequenas e medianas empresas, impondo comisións abusivas, mantendo unha política comercial agresiva de colocación de produtos de difícil comprensión para o cliente, ou de comprensión confusa ou dificultando o acceso a crédito.

Este proceso, sostido no tempo, tivo ademais como consecuencia en Galiza a privatización e bancarización das antigas caixas de aforros e unha progresiva perda de galeguidade do sector financeiro que ten como un dos feitos recentes máis importantes a venda do Banco Popular ao Santander polo ridículo prezo dun euro no ano 2017.

Galiza ten hoxe uns índices de concentración superiores á media estatal e europea e as entidades aproveitan isto para e reducir progresivamente a rede de oficinas ao tempo que empeoran os servizos, buscando o máximo beneficio económico a costa das persoas consumidoras e das e dos traballadores, que sofren constantes ERE e precariedades. Coa irrupción da pandemia do coronavirus estes males agudizáronse.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Página	19/41	

Nestes meses vimos, por exemplo, como no medio do Estado de Alarma, no mes de marzo de 2020, Algunhas entidades bancarias incrementaba de forma substancial as súas comisións e cambiaba as condicións, motivo que no noso país levou a protestas e concentracións. Nos primeiros meses de 2021 estamos vendo como diversas entidades volven incrementar as comisións. Nestes meses de pandemia vimos tamén como as entidades pecharon oficinas definitiva ou temporalmente, no lugar de ampliaren horarios e persoal por mor da crise sanitaria. Así mesmo, contradicindo as normas de competencia as entidades pactaron horarios de caixa obrigando ás e aos usuarios a ir nas primeiras horas da mañá. Nalgúns casos chegaronse a ver diante das sucursais enormes colas que non se explicaban so pola limitación de aforo senón polo abuso na prestación de servizos e a falta de persoal.

A pandemia está a ser tamén unha coartada para obrigar á clientela, con independencia das súas condicións ou habilidades persoais, a empregar a banca virtual, abusando especialmente das persoas maiores ao convertelas en vulnerábeis financeiramente ao obrigalos practicamente a que terceiras persoas xestionen as súas contas.

Nesta nova crise estamos asistindo a unha nova fase de fusións na que se está a dar un novo aumento da concentración bancaria e redución da oferta. Esta vía é alentada por parte de organismos internacionais como o Banco Central Europeo (BCE) situando as fusións como urxentes diante dos danos “estruturais” da pandemia, o que amosa o fracaso do anterior rescate e das medidas impulsadas e que estamos nun momento de cambio que trae máis abusos, máis perda de oficinas, máis destrución de emprego e un empeoramento global da atención e das condicións.

Esta grave situación fai necesaria unha ampla resposta social e política ante a inacción do goberno central, de quen depende a regulación bancaria, ou do goberno da Xunta, que ten competencias exclusivas en materia de consumo que non emprega.

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo do seguintes acordos:

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	20/41





1.- Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restrición de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de de oficinas e persoal.

2.- Instar a Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo e da Competencia campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos.

3.- Expresar o apoio do Pleno da Deputación ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias presentes na provincia para demandar o mantemento dos servizos.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=7

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA QUE CUMpra COA SÚA OBRIGA DE CONSERVAR O PATRIMONIO CULTURAL DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	21/41



consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia que cumpra ca súa obriga de conservar o patrimonio cultural de Lugo.

O estado de abandono e desatención do patrimonio cultural de Lugo ven xerando nos últimos tempos noticias que nos deberían facer sonroxar como sociedade. O estado de ruína de fortalezas medievais como a Torre de Caldaloba, en Cospeito, é motivo de denuncia e preocupación polos veciños, e xa chegou no mes de marzo a este Pleno. Hai apenas semanas, Lugo tivo a dubidosa honra de aparecer como o lugar onde un mosteiro do século XV – o de Santa María de Penamaior en Becerreá – se pode mercar polo prezo dun piso. E pasar de man en man sen que a Xunta exerza o dereito de tanteo e retracto contemplado no artigo 49 da Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia.

A falta de compromiso da Xunta de Galicia ca conservación do patrimonio cultural queda de manifesto nos seus propios orzamentos. Na presentación oficial das cifras do seu departamento para o ano 2021, a consellería de Educación e Cultura adicou só tres liñas ós seus plans para protección e conservación do patrimonio cultural. Unha provincia como Lugo, con varios bens catalogados como Patrimonio da Humanidade e máis de 130 BIC, percibe nos orzamentos deste ano apenas 1,2 millóns de euros. O equivalente ó 0'01% dos orzamentos da Xunta.

As e os socialistas lucenses consideramos prioritaria a conservación e posta en valor do noso patrimonio cultural, como parte dos nosos sinais de identidade pero tamén como unha aposta de futuro. O patrimonio é cultura e herdanza que temos que preservar cara o futuro. Ben xestionado é tamén unha fonte de riqueza que xera turismo de calidade e pode converterse nunha útil ferramenta para axudar a fixar poboación no rural.

Por iso, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia medidas concretas que garantan as obrigas de protección do patrimonio cultural recollidas nos artigos 27 e 32 do noso Estatuto de Autonomía, entre elas

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	22/41





- A elaboración dun informe exhaustivo sobre a situación do patrimonio cultural da provincia, que inclúa liñas de actuación urxente nos casos de maior deterioro.
- O incremento das partidas orzamentaria adicadas á restauración e conservación de monumentos na medida necesaria para facer fronte ás indicacións do devandito informe
- O deseño de estratexias globais de conservación por tipoloxías ou épocas históricas, que evite o paradoxo actual no que exemplos de similar valor histórico gozan de diferente catalogación ou figuras de protección
- A apertura dunha liña de axudas destinada ós propietarios privados de patrimonio moble e inmovle catalogado como BIC, para que podan acceder a fondos que lles permitan acometer traballos de mantemento e conservación.
- O desenvolvemento de accións de inspección que garantan que os particulares propietarios de BIC cumpren as obrigas que lles marca a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, no que fai á conservación e apertura ó público dos bens catalogados.
- O compromiso de exercer o dereito de tanteo e retracto contemplado no artigo 49 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, para recuperar para o conxunto dos lucenses aqueles bens catalogados que os seus propietarios deciden sacar á venda.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda, do seguinte teor:

“Emenda de adición relativa á moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia que cumpra coa súa obriga de conservar o patrimonio cultural de Lugo.

O Grupo Provincial do Partido Popular propón engadir á proposta de acordo formulada un parágrafo co seguinte texto:

Que, dado o estado de abandono e desatención na que se atopa o patrimonio cultural de Lugo, no tocante a inmoables desta Deputación Provincial, como é o caso da Casona do Incio, instamos ao goberno provincial ao inicio inmediato de actuacións consensuadas co concello de O Incio, para a rehabilitación de dito inmovle do que é titular esta Administración”.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	23/41



Efectuada a votación, reflíctese na pantalla instalada para recoller a vídeoactas o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra 12.

Acto seguido, e antes de que o Presidente anuncie o resultado da votación realizada, a pantalla reflicte unha nova votación distinta da anterior, sendo o resultado o seguinte; votos a favor, 13, votos en contra, 11, manifestando o Presidente que alguén se debeu equivocar porque se acaba de producir a corrección dun voto.

Dado que se produce unha variación na votación, que non é concordante coa primeira realizada, o que non adoita suceder habitualmente, o señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, manifesta textualmente: “repetimos”, ó que o Presidente responde que efectivamente se vai repetir a votación.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 22; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular, agás os señores Deputados D. Javier Jorge Castiñeira e D. Agustín Baamonde Díaz que non emiten voto ningún).

Neste momento por parte do señor Deputado D. Oscar Poy Franco prodúcese unha serie de manifestacións no sentido de que entende que a votación que apareceu en pantalla trala primeira votación, é a que vale; o Sr. Presidente recórdalle que o señor Poy non dirixe o debate e que non está no uso da palabra, e anuncia que se vai proceder a unha nova votación tal e como solicitou o señor Javier Jorge Castiñeira e que el mesmo entende que debe producirse.

Dado que o señor Deputado D. Oscar Poy Franco continúa nas súas manifestacións o señor Presidente chámalo á orde por primeira vez.

A continuación o señor Presidente intenta explicar que había unha confusión na votación, e o señor Deputado D. Oscar Poy interrompe a intervención do Presidente e continúa no uso da palabra en protesta pola situación xurdida, e o Presidente chámalo a orde por segunda vez,

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	24/41





informándoo que os deputados non deben interromper á Presidencia e o que debe facer é pedir a palabra, que non a está pedindo e que non a ten.

O Presidente sinala que a votación non coincide cos Deputados presentes no Pleno, e que se realizará unha terceira. O Sr. Deputado e voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular D. Javier Jorge Castiñeira manifesta que o seu Grupo non quere repetir a votación de novo.

Ante esta situación o Presidente manifesta que, dado que non se accede a repetir a votación, darase por válida a efectuada en segundo lugar, e anuncia o resultado da mesma no seguinte sentido: votos válidos emitidos: 22; votos a favor, 12; votos en contra, 10, e non hai abstencións. Polo tanto declara aprobada a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=8

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA RECLAMAR UN PLAN DE RECUPERACIÓN DO SISTEMA SANITARIO GALEGO E A PRESENCIALIDADE NA ATENCIÓN PRIMARIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar un plan de recuperación do sistema sanitario galego e a presencialidade na atención primaria.

A xestión da sanidade pública galega xa non gozaba de boa saúde antes da pandemia. Prazas sen cubrir, abuso dos contratos temporais, especialidades que desaparecen, sobrecarga de traballo son só algunhas das eivas, que afectan de xeito especial a unha provincia de carácter rural como é Lugo. Durante case que dous anos de pandemia, o noso sistema sanitario se mantivo so grazas ao traballo impagable e incansable dos profesionais en canto á atención **hospitalaria**.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Página	25/41	

A pandemia obrigou a suspender consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas que non fixeron máis que incrementar unha xa dilatada lista de agarda no noso sistema sanitario. A redución do cadro de persoal, a falta de organización dos centros, a falla de coordinación entre a dirección do sistema sanitario co persoal, intensificaron estes problemas, ós que cumpre dar unha solución urxente.

As barreiras actuais de acceso aos Centros de Saúde de atención primaria, as dificultades mesmo para comunicarse cos profesionais destes centros e o difícil acceso ás especialidades hospitalarias afecta á saúde da poboación e xera un malestar tanto a nivel social como entre os profesionais, que non poden desenvolver o seu traballo co rigor que desexarían. Esta situación xera desigualdade no acceso á atención sanitaria, xa que deriva cara a sanidade privada a aqueles que poden pagala.

A modificación da Lei de Saúde de Galicia, ante a que xa pesa un recurso de inconstitucionalidade é a mostra da intención do goberno galego de primar o recorte de dereitos fundamentais por encima da tarefa de realizar unha planificación adecuada para saír da crise sanitaria actual. O goberno galego, unha vez máis, pretende legislar aquilo que non lle corresponde e deixa valeiras as responsabilidades de xestión que si son da súa competencia.

Como firmes defensores da sanidade pública, consideramos que é urxente adoptar medidas para fortalecer o sistema sanitario galego e superar tanto os retos que presentou a pandemia como as eivas xeradas por 12 anos de recortes e xestión negligente dos gobernos conservadores. Por iso o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- A elaboración dun Plan urxente para a Recuperación do Sistema Sanitario Público de Galicia que permita a redución nos atrasos na atención especializada (consultas, probas diagnósticas, cirurxías...), atrasos incrementados polas cancelacións derivadas da pandemia.
- A reapertura dos centros de Atención Primaria para consultas e atención aos doentes.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	26/41





- A contratación de profesionais sanitarios, nomeadamente en atención primaria, para cubrir as prazas recortadas nestes últimos anos así como as xubilacións que se han producir ó longo desta lexislatura. Unha contratación feita con criterios de estabilidade laboral que remate ca elevada precariedade existente no sistema sanitario galego.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). E téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=9

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, SOBRE A INTERVENCIÓN DA FÁBRICA DE ALUMINIO SAN CIBRAO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción sobre a intervención da Fábrica de Aluminio San Cibrao.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Página	27/41	

Exposición de Motivos:

As traballadoras e traballadores da “Fábrica de Aluminio de San Cibrao” continúan a día de hoxe, despois de meses de incerteza e escasos avances, coa súa loita para acadar unha solución que dea viabilidade a factoría.

Traemos a este Pleno unha nova iniciativa impulsada polo Comité de Empresa Alúmina Aluminio San Cibrao na procura da continuidade da produción de aluminio en San Cibrao, así coma do mantemento dos postos de traballo na comarca.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo esixe ó Ministerio de Industria e a SEPI a intervención da Fábrica de Aluminio San Cibrao nese acto único que levaría á compra e venda da Factoría, o que implicaría o cumprimento do mandato do Congreso dos Deputados e o Parlamento de Galiza, no que ambos aprobaron no seu día a intervención pública temporal para a posterior venda a un terceiro”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=10

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA Á CREACIÓN DA GRAN SENDA DO NAVIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	28/41	



“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular relativa á creación da gran senda do Navia.

Exposición de Motivos:

No ano 2018, a Deputación de Lugo e o Principado de Asturias presentaron ao Goberno de España o anteproxecto para a creación da Gran Senda do Navia (peonil e ciclista), que percorrería por sete concellos da provincia lucense (Negueira de Muñiz, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Cervantes, Becerreá, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro) e por nove de Asturias (Allande, Boal, Coaña, Grandas, Ibias, Illano, Navia, Pesoz e Villayón). Os promotores desta iniciativa pretendían que a citada senda fose declarada de “interés general” e formase parte da Red de Caminos Naturales. Os concellos adoptaron os correspondentes acordos plenarios. Esta senda conectaría cos tres variantes do Camiño de Santiago: Francés, Primitivo e Norte. Conectaría tamén co Camiño Natural da Cordilleira Cantábrica e co Sendeiro da Cornixa Atlántica. A senda comezaría en Busnullá (Pedrafita do Cebreiro) e chegaría ata a desembocadura do río no municipio asturiano de Navia, cunha lonxitude total de 428 quilómetros.

No momento de levar a cabo os citados trámites, o goberno provincial destacou que a Deputación de Lugo, o Principado de Asturias e os 16 concellos interesados sumaban esforzos para xerar riqueza a través do turismo e do medio ambiente. Con esta iniciativa pretendíase poñer en valor os recursos cos que conta á ampla zona pola que decorrería a senda. Os promotores deste proxecto consideraban entón que se trataba dunha oportunidade económica.

Dende o 2018, os concellos lucenses non tiveron coñecemento de cal foi a sorte corrida pola solicitude presentada ao Goberno.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo:

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Página	29/41	

1.- O Pleno da Deputación de Lugo acorda instar ao Goberno de España a desbloquear a tramitación do anteproxecto da Gran Senda do Navia para a súa declaración de interese xeral e incluíla dentro da Red de Caminos Naturales.

2.- O pleno da Deputación insta ao goberno provincial a cumprir os compromisos adquiridos con concellos e asociacións para crear a Gran Senda do Navia e a manter puntualmente informados aos concellos interesados na provincia de Lugo”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista, preséntase unha emenda, do seguinte teor:

“Emenda á moción do PP relativa á creación da Gran Senda do Navia”.

Substituir a redacción orixinal que di:

“I.- O Pleno da Deputación de Lugo acorda instar ao Goberno de España a desbloquear a tramitación do anteproxecto da Gran Senda do Navia para a súa declaración de interese xeral e incluíla dentro da Red de Caminos Naturales.

II.- O pleno da Deputación insta ao goberno provincial a cumprir os compromisos adquiridos con concellos e asociacións para crear a Gran Senda do Navia e a manter puntualmente informados aos concellos interesados na provincia de Lugo”.

Pola proposta seguinte:

“I.- O Pleno da Deputación de Lugo acorda instar ao Goberno de España a impulsar a tramitación do anteproxecto da Gran Senda do Navia para a súa declaración de interese xeral e incluíla dentro da Rede de Camiños Naturales.

II.- O Pleno da Deputación de Lugo acorda instar á Xunta de Galicia a que participe no desenvolvemento do proxecto futuro da Gran Senda do Navia, como mínimo, do mesmo xeito que participa o Principado de Asturias”.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	30/41





Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=11

12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A BAIXAR O PREZO DA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPOSTOS E CUSTOS REGULATORIOS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno de España a baixar o prezo da luz actuando sobre determinados impostos e custos regulatorios

Exposición de Motivos:

España é o cuarto país da Unión Europa no que os seus residentes pagan máis por electricidade, ao contar cunha factura media anual de 1. 273 €, representando o 8,5% do salario anual (15.015 €).

A este dato hai que engadir outros dous especialmente relevantes. Primeiro, segundo datos de Eurostat, ao peche de 2019 o prezo do quilovatio hora en España era o quinto máis alto da

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	31/41



Unión Europea e, segundo, entre maio de 2020 e maio de 2021 a factura da luz incrementouse nun 44%.

Ante estes datos, hai que lembrar que en España menos dun 40% da factura da luz depende do prezo da electricidade e do mercado.

O resto, débese aos custos regulatorios derivados da xestión e aos impostos (ex.: o Imposto sobre o Valor da Producción de Enerxía Eléctrica, entre outros).

Se falamos de custos derivados da xestión política débese destacar que o expresidente José Luis Rodríguez Zapatero recoñecía en 2019 que as súas dúas lexislaturas xeraran unha burbulla de 29.281 millóns € polo boom das renovables.

E se falamos de impostos o noso país sitúase entre os 10 primeiros países da Unión que maior IVE aplica a este produto.

Por tanto, unha das vías máis inmediatas para reducir a factura da luz é a rebaixa dos impostos que gravan a electricidade.

Inicialmente, o goberno de España optou por implantar unha tarifa con tres tramos horarios restrinxindo a liberdade de elección dos consumidores e obrigándolles a cambiar os seus hábitos de vida, que non todos os españois poderán facelo, se queren ter algunha posibilidade de aforrar na súa factura da luz.

Aínda que o goberno afirmou que estas novas tarifas permitirían que se producira unha baixada xeral da factura da luz, a realidade é moi diferente xa que con esta medida 11 millóns de españois verían incrementada a súa factura.

O Goberno de España para xustificar a súa negativa a rebaixar o prezo da luz a millóns de fogares españois vía rebaixa de impostos afirmou que, grazas á súa acción política, o recibo da luz baixou nun 40% o ano pasado cando esa rebaixa debeuse á caída da demanda pola pandemia e á baixada dos prezos do gas e do petróleo en 2020.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	32/41





Escudouse en Europa para rexeitar rebaixar o IVE aplicado á electricidade cando a realidade é que varios países europeos teñen tipos máis baixos que España nas tarifas que afectan aos consumidores e que non existe unha normativa europea que impida baixalo.

Despois de tres anos prometendo medidas para rebaixar o prezo da luz, en todo este período a factura eléctrica non fixo outra cousa que subir; un incremento para familias, Pemes e autónomos aínda máis significativo desde que implantou o novo réxime de tarifas.

Galicia leva tempo instando ao Goberno a que adopte solucións pola vía da fiscalidade, entre as que se encontran as medidas que vén de anunciar: a rebaixa do IVE do 21 ao 10% e a suspensión do imposto do 7% á xeración eléctrica.

A portavoz do Goberno e ministra de Facenda, confirmou o martes 22 de xuño de 2021 que a rebaixa do IVE da luz de aplicará a totalidade da factura da luz e que suporá unha caída do recibo de máis dun 10 %, pero sobre isto fai tan so cinco meses a ministra explicábase así nunha rolda de prensa:

“España está advertida por parte de la Comisión Europea por el uso que, a juicio de la comisión, se hace de forma abusiva o excesiva respecto al IVE reducido o al IVA superreducido”.

Sen embargo, esta semana afirmou que o recibo da luz caerá máis dun 10 % cos cambios no imposto, que se espera aprobar o xoves día 24 de xuño nun Consello de Ministros extraordinario. O Goberno prevé aplicar aprobar a aplicación do 10% do IVE (que actualmente se atopa no 21%) ata finais de ano para todos os consumidores con potencia contratada ata 10 kW, sempre que o prezo medio mensual do mercado maiorista da electricidade estea por riba dos 45 euros por MWh.

Segundo a ministra, esta medida reavalíarase en decembro para analizar si as reformas dos últimos meses xa producirán efectos, e ver si o prezo do gas e do CO2 están en niveis "máis normalizados" e son "máis aceptables".

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	33/41



Ademais apuntou que a suspensión do 7% do imposto de produción de enerxía eléctrica durante o próximo trimestre afecta sobre todo á industria e aos comercios, aínda que tamén en menor medida, aos fogares, e asegurou tamén que reavaliarase para ver si as causas persisten ou xa pasou o aumento da electricidade.

Unhas medidas que celebramos, pero que son claramente insuficientes. A mala política ten consecuencias que se traducen nun problema serio na economía familiar e nunha perda de competitividade para o tecido empresarial.

É incomprensible que a industria que máis enerxía consume (hiperelectrointensiva) pague o dobre en España polo MWh (84,38€) que en Francia (38,20€).

A única preocupación dos socios de Goberno é corrixirse publicamente neste asunto e tratar de colgarse medallas coas medidas que finalmente se poidan adoptar para rebaixar un prezo eléctrico descontrolado por culpa da súa transición enerxética inxusta, improvisada e totalmente errática.

Polo exposto o Grupo Provincial do Partido Popular, presenta a seguinte proposta de acordo:

O Pleno da corporación provincial insta ao Goberno de España para que adopte as medidas necesarias dirixidas a reducir o impacto negativo da nova tarifa eléctrica na economía das familias e na competitividade das empresas a través do impulso, como mínimo, medidas:

1.- Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, así como da supresión, con carácter permanente, do gravame do imposto sobre a produción de electricidade.

2.- Traspasar aos Orzamentos Xerais do Estado algúns dos custos regulados da tarifa eléctrica, a débeda do sistema eléctrico e os custos extrapeninsulares.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	34/41	



3.-Revisar a tributación, con carácter permanente, que soporta a factura eléctrica e impulsar unha reforma fiscal que harmonice a fiscalidade que esta factura soporta en España cos gravames medios dos países do noso entorno e facelo para todos os consumidores sen discriminación.

4.- Co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo, conceder máis peso específico ao termo de enerxía que o de potencia.

5.- Simplificar a factura eléctrica para facilitar a súa comprensión, e poñer en marcha de inmediato unha campaña de información ás persoas consumidoras que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa eléctrica, facilite a toma de decisión e permita un consumo máis eficiente para evitar o encarecemento da subministración eléctrica.

6.- Ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequeno Consumidor (PVPC) ata potencias iguais ou inferiores a 15 KW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=12

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

13.- CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 11 DE XUÑO DE 2021, RELATIVO Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INCREMENTOS INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO 2020, CONCELLO DE SAMOS.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	35/41



Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno de data 11-06-2021, relativo á modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único 2020 polo concello de Samos, relativo ao reformado do proxecto, ao non outorgar as autorizacións sectoriais necesarias para a execución, quedando afectado o investimento 272, modificando a baixa os importes da achega da Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=13

14.- CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DE 21 E 28 DE MAIO DE 2021, RELATIVOS A MODIFICACIÓNS/SUBSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2021, CONCELLOS DE PALAS DE REI E RIBADEO.

Dáse conta dos acordos da Xunta de Goberno de datas 21 e 28 de maio de 2021, relativos ás modificacións/substitucións de investimentos incluídos no Plan Único 2021 polos concellos de: PALAS DE REI.- Modificación de importes, ao detectarse erro nos importes dos investimentos nº 201 e 203, non afectando a achega total da Deputación. E RIBADEO.- Reformado dos proxectos, ao detectarse erro nos mesmos así como nos importes, quedando afectados os investimentos nº 258 e 261, non afectando a achega total da Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=14

15.- CONTA DO INFORME ANUAL 2020 SOBRE O CUMPRIMENTO EN MATERIA DE MOROSIDADE.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PO7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	36/41	



O Pleno da Corporación queda enterado do informe anual 2020 sobre o cumprimento en materia de morosidade.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=15

16.- CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día tres ao trinta e un de maio de dous mil vinte e un, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1401 ao 1964. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=16

17.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=17

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Polo Presidente manifestase que hai dous Rogos e dúas Preguntas presentadas polo Grupo Provincial do Partido Popular; e que en canto ás Preguntas indica que poderán formulalas pero, dado que tiña que presentalas cunha antelación de vinte e catro horas e foron presentadas minutos antes do Pleno, non se contestarán nesta sesión; e os Rogos si que poderán tamén formulalos.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Página	37/41	

ROGOS

Primeiro.- Relativo ás estradas provinciais LU-P-0103, LU-P-0707, e LU-P-4503, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Constatado o pésimo estado no que se encontran as estradas

- LU-P-0103, de Reigosa (A Pastoriza) a Gontán (Abadín)
- LU-P-0707, Armesto-Torés-Nogais (no tramo de Torés ás Nogais)
- LU-P-4503 San Pedro-Vilasel-Nullán (no tramo de Barraceira a Nullán).

Cuxos pavimentos están cheos de fochancas, o que provoca numerosas molestias aos usuarios e avarías nos seus coches, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte Rogo ao goberno da Deputación:

Que por parte do servizo de Vías e Obras a Deputación Provincial de Lugo se fagan de maneira inmediata as xestións necesarias para atender as reclamacións dos veciños máis directamente afectados e se proceda á reparación das ditas estradas provinciais, solventando desta maneira o déficit de mantemento que sufriron estas vías durante anos ata chegar ao lamentable estado no que se atopan”.

Segundo.- Relativo ao terreo situado na estrada da Granxa 126-128 na capital lucense, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte **rogo**:

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	38/41





Na Estrada da Granxa, 126-128, na capital lucense, a Deputación Provincial é titular dun terreo (segundo o Concello de Lugo), inmediato a un edificio de vivendas, que se atopa invadido pola maleza. Os veciños expresan queixas polo estado deste solar e temen que poida sufrir un incendio que afecte o edificio no que teñen os seus pisos. A Administración está obrigada a dar exemplo, máis aínda no que se refire á roza de terreos, que se esixe pola Administración aos propietarios de fincas.

Constatado o pésimo estado no que se encontra o indicado terreo de titularidade provincial, o Grupo do Partido Popular presenta o seguinte rogo ao goberno da Deputación:

Que por parte do corresponde servizo da Deputación de Lugo se fagan de maneira inmediata as xestións necesarias para atender as reclamacións dos veciños máis directamente afectados polo mal estado do terreo sito en Estrada da Granxa, 126-128, de titularidade provincial, e se proceda á súa roza e limpeza”.

PREGUNTAS

Primeira.- Relativa ao saneamento en San Miguel de Reinante, Barreiros, e que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

A normativa vixente en materia de réxime local establece que os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento.

Conforme a esta mesma normativa tamén as deputacións provinciais teñen entre as súas obrigas prestar apoio ás entidades municipais nas súas competencias, fundamentalmente aos municipios máis pequenos.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	39/41



Con todo, desde a Xunta de Galicia ofrecéuselle ao Concello de Barreiros apoio técnico para realizar un estudo de alternativas que lle permita determinar a actuación máis idónea para a mellora do saneamento en San Miguel de Reinante, onde este servizo público municipal presenta deficiencias.

É máis, o Goberno galego trasladou incluso a súa disposición para cofinanciar a actuación que se estime tecnicamente máis acaída na mesma porcentaxe que a Deputación Provincial de Lugo e o Concello, é dicir, un terzo do investimento necesario.

Ambos ofrecementos materializáronse no transcurso dunha reunión que a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, mantivo a finais do pasado ano coa alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, e o concelleiro de Medio Ambiente e Rural, Dámaso Ratoeira, para abordar este proxecto hidráulico.

Polo exposto, dende o Grupo Provincial do Partido Popular formulamos a seguinte pregunta:

Recibiuse na institución provincial petición do concello de Barreiros de apoio financeiro co fin de optimizar o saneamento de augas residuais?. De ser así, en que sentido?. Vai colaborar economicamente a Deputación nesta actuación?.

Segunda.- Relativa ao Pazo de Deportes, e que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

O ascenso á liga ACB do Club de Baloncesto Río Breogán probablemente implicará a necesidade de introducir melloras na súa cancha, é dicir, no Pazo de Deportes, instalación da que é titular a institución provincial.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI	Página	40/41	



Algúns dos cambios poderían ser condición necesaria e imprescindible para que a ACB homologue esta cancha para disputar os encontros desta liga.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular formula a seguinte pregunta:

Ten coñecemento o goberno provincial da necesidade ou non de facer cambios ou melloras no Pazo dos Deportes para que sexa cancha do Río Breogán nos partidos da ACB? Que previsións ten ao respecto?''.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202106291107000000_FH.mov&topic=18

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

	IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Fecha y Hora	15/07/2021 10:34:48	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EY3J5PQ7NZ7FZ2U4FJZSCKI		Página	41/41	